PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 357 | VIII lexislatura | 18 de novembro de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

—Núm. 27 (núm. de Rexistro 54152), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución do orzamento da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. 112495

—-Núm. 28 (núm. de Rexistro 54154), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución do orzamento do Servizo Galego de Saúde. 112496

—Núm. 29 (núm. de Rexistro 54156), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución dos orzamentos das sociedades de xestión urbanística da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra 112498

—Núm. 30 (núm. de Rexistro 54157), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución do orzamento da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo. 112499

—Núm. 31 (núm. de Rexistro 54158), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución do orzamento da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia. 112500

—Núm. 32 (núm. de Rexistro 54164), do G.P. dos Socialistas de Galicia, de devolución do orzamento de Portos de Galicia. 112501

7. Composición do Parlamento, réxime e gobierno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

—Sesión plenaria (día 22 de novembro de 2010, ás 10.00 horas) 112494

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011

A Mesa da Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 17 de novembro de 2010, examinou o recurso de reconsideración formalizado o 15 de novembro de 2010 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas (doc. núm. 54466) verbo do acordo da Mesa da Comisión 3.ª do 12 de novembro de 2010 polo que non se admitiron a trámite os documentos presentados por ese grupo cos números de rexistro 54152, 54154, 54156, 54157, 54158 e 54164, de formalización de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, que foron rexistrados manualmente.

Á vista do criterio da Xunta de Portavoces adoptado na súa sesión do 16 de novembro de 2010 favorable á estimación do recurso, a citada Mesa adoptou o acordo de estimalo e, consecuentemente:

a) Cualificar os ditos documentos como emendas á totalidade de devolución de seccións ou axentes xestores de gastos;

b) Admitir as emendas a trámite; e

c) Clasificalas e numeralas correlativamente con respecto aos documentos admitidos dese mesmo grupo parlamentario na sesión do 12 de novembro do xeito seguinte:

-Número 27 (número de rexistro 54152), de devolución do orzamento da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

-Número 28 (número de rexistro 54154), de devolución do orzamento do Servizo Galego de Saúde.

-Número 29 (número de rexistro 54156), de devolución dos orzamentos das sociedades de xestión urbanística da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

-Número 30 (número de rexistro 54157), de devolución do orzamento da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

-Número 31 (número de rexistro 54158), de devolución do orzamento da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia.

-Número 32 (número de rexistro 54164), de devolución do orzamento de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

7. Composición do Parlamento, réxime e gobierno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de novembro de 2010, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 22 de novembro de 2010, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de novembro de 2010, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011. *08/PL-0022 (52924)*

Publicación iniciativa, BOPG núm. 337, do 20.10.2010
Publicación emendas á totalidade, BOPG núms. 354, do 15.11.2010, e 357, do 18.11.2010

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Núm.: 5415 2

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos Socialistas de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 13.- Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia

Existe unha contradicción evidente entre os anuncios feitos polo Goberno galego ao longo dos últimos dezaseis meses e o mantemento de partidas económicas propias para a Sociedade de Desenvolvemento Comarcal que poñen en dúbida o interese real na súa disolución. Deste xeito o Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2011 sigue contemplando partidas económicas destinadas ao seu funcionamento mentres, por outra banda, a Lei de medidas fiscais e administrativas, reitera a súa disolución.

Todo o cal evidencia o fracaso do modelo de comarcalización que se reflicte na disolución da Sodeco e das fundacións comarcais impulsadas e creadas polo Goberno da Xunta de Galicia sendo presidente Manuel Fraga Iribarne.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
Núm.: 54154

PSG PSOE

Á Mesa da Comisión 3ª

Partido dos Socialistas de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para o:

Sección 10. Servizo. 80.- Servizo Galego de Saúde

Os actuais orzamentos do Sergas son insuficientes en recursos, diminuíndo por segundo ano consecutivo de xeito moi significativo. Ao longo de 2010 non foi posible manter o nivel asistencial e de prestacións que se viña ofrecendo, dando como resultado unha maior dificultade na accesibilidade cos incrementos xeneralizados nas listas de espera. No ano 2011 cun volume superior aos 183.000.000 € menos de recursos que no 2010, vaise deteriorar moito máis a sanidade galega.

Neste descenso xeral de recursos os capítulos que máis o acusan son:

- O Cap. II de gastos correntes que no Sergas significa o funcionamento normal das estruturas sanitarias.

- O Cap. VI de investimentos reais que descende un 50% pasando de 124 millóns de euros do ano 2010 a 64 millóns de euros actuais.

- A atención primaria é a que máis sofre ese descenso orzamentario (90 millóns de euros menos)

- Á construcción de centros de saúde non dedican ningún recursos crible.

- Os plan directores da maioría dos hospitais non están contemplados.

Rua do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO GERAL DE ENTRADA
Núm.: 54154

- Non existen recursos para o Hospital de Vigo e o Hospital de Pontevedra.

- En definitiva, son uns orzamentos que deterioran o sistema sanitario público, facilitando a iniciativa privada no financiamento sanitario e, polo tanto, endebedamento e hipotecando o futuro da sanidade galega.

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquin Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Horreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO GENERAL DE ENTRADA
Núm.: 54156

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para as:

Sección 7.- Sociedades Públicas de Xestión Urbanística

Os orzamentos presentados para as sociedades de xestión urbanística da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra caracterízanse pola inercia de parálise e aprazamento de proxectos esenciais en todo o territorio tal e como tamén acontecía no ano anterior. Tamén de novo os orzamentos para o ano 2011, demostran inhibición á hora de levar a cabo actuacións ou adxudicar proxectos e amosan recortes ou aprazamento nunha cuestión como a promoción de solo empresarial que debe ser fundamental no actual contexto económico. Por outra banda, non é posible atopar recortes substanciais nos gastos de funcionamento destas sociedades.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO GERAL DE ENTRADA
Núm.: 54157

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 11.- Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo

Na memoria dos orzamentos destinados a Sociedade Anónima do Plan Xacobeo presentasen obxectivos demasiado xenéricos e dificilmente controlables na súa execución, nin no gasto realizado que non se atopa pormenorizado.

As actividades propostas non parecen ser as máis adecuadas para consolidar e acrecentar a presenza do produto turístico máis coñecido de Galicia como é o Xacobeo. Tampouco hai fondos suficientes para o mantemento necesario dos camiños e da súa infraestrutura, na que hai claras carencias a pesar de que nos orzamentos do 2010 rexistrábanse cantidades importantes para estas accións.

Nos orzamentos non se aprecian accións complementarias en obxectivos e gastos ca Secretaría Xeral de Turismo e coa Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia e sen ese traballo en común, non se conseguirá o incremento da presenza do Xacobeo no panorama turístico nacional e internacional.

Non responde tampouco ás necesidades de protección do Camiño.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rua do Horreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Núm.: 5458

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3º

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda a totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia o ano 2011**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións, para a:

Sección 11.- Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia S.A.

Nin os orzamentos da Sociedade nin os obxectivos marcados parecen capaces de cumprir a necesaria dinamización do turismo en canto a número de visitantes, aumento do gasto diario que fan na nosa comunidade, desestacionalización e fidelización dos visitantes. Tampouco son capaces de consolidar a actividade turística nesta situación de crise.

As acción de promoción seguen a ser as tradicionais e vense reducidas, non se poñen en marcha políticas decididas de captación de visitantes nin se crean produtos turísticos novidosos mentres o apoio á formación do sector turístico conta con escaso presuposto e non se incentiva o aumento das accións en calidade turística.

As acción propostas non xustifican o transvasamento de presuposto que se detrae da Secretaría Xeral de Turismo para manexalo a través dunha sociedade anónima sobre a que o control dos grupo parlamentarios é moi escaso. A maior parte das accións propostas podían levarse a cabo directamente dende a Secretaria Xeral de Turismo.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de

Rua do Horreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

artido dos
ocialistas
e Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda a totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2011**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións, para o ente público:

Sección 14.- Portos de Galicia

Os orzamentos do Ente Público Portos de Galicia, non cumpren as estratexias de crecemento, ao non aumentar a capacidade competitiva nin de produtividade, da mellora da xestión.

Ademais non contemplan partidas suficientes para desenvolver a planificación dada a coñecer, nin partidas para a integración ambiental, urbanística e turística dos portos coas vilas.

É un orzamento carente de planificación de futuro en aras á mellora e á competitividade das nosas empresas, e por iso non se dedican partidas orzamentarias que contemplen a mellora nos portos de Galicia.

Tampouco inclúen unha territorialización do gasto, polo que se trata duns orzamentos opacos que non son transparentes en canto aos gastos que vai levar a cabo.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727